

Expediente IET: P-21-056
Proxecto: Parque eólico Neboada
Concello: Quiroga e Ribas de Sil (Lugo), Vilamartín de
Valdeorras, A Pobra de Trives, San Xoán de Río
e A Rúa (Ourense)
Promotor: Maia Director Ship, S.L

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 28/03/2022 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de Parque eólico Neboada.

1. Antecedentes:

Con data do 11/03/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e indicábanse distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Neboada, de 50 MW, composto por 8 aeroxeradores, a súa infraestructura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, torre meteorolóxica e gabias para a rede eléctrica), así como pola liña de evacuación aérea, dende a subestación transformadora (SET) do parque eólico Neboada ata a SET Treboada. Os aeroxeradores terán



6,2 MW de potencia (agás un que terá 6,6 MW), cunha altura da buxa de 135 metros e cun diámetro de rotor de 170 metros. A liña de evacuación terá un total de 15,2 km de lonxitude e 46 apoios, con alturas comprendidas entre os 12,2 e os 39,2 m. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción 6.125 m dun total de 14.789 m.

A documentación achegada pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais consiste nun estudo de impacto ambiental (decembro 2021) que inclúe un EIIP como documento específico (Anexo D) no que se remite ao EsIA as características principais do proxecto, faise unha diagnose do estado actual da paisaxe, a análise da visibilidade valorando por último os impactos e determinando unha serie de medidas de integración paisaxísticas, achegando tamén unha xustificación do cumprimento das Directrices da paisaxe de Galicia.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o parque eólico localízase na grande área paisaxística Ribeiras Encaixadas do Miño e Sil na comarca paisaxística de Valdeorras. A LAT de evacuación percorre ademais a grande área paisaxística Serras Surorientais, na comarca paisaxística de Terra de Trives. Ao leste do proxecto sitúase a 1,02 km da área de especial interese paisaxístico AEIP-05-15 Cernego, a AEIP-05-07 Paradaseca-Val do Río Soldón atópase a uns 3,2 km ao noroeste do parque, a AEIP-01-20 Os Tesos de Montouto a uns 7 km ao norte do parque, a AEIP-05-14 Montefurado a 6,9 km do aeroxeradores e a 880 m da LAT e a AEIP-02-01 Val do Río Navea a 500 m da LAT; ademais cabe destacar tamén a AEIP-02-02 As Ermidas-Val do Bibeí, a AEIP-02-03 Río Cabalar, a AEIP-02-04 Souto de Rozabales e a AEIP-02-05 Val dos Faraóns, situadas a 4,9 km, 6,6 km, 7,8 km e 8,6 km respectivamente ao sur da LAT. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o de O Barranco de Rubio e o da estrada de Roblido, a uns 3,7 km e 2,3 km ao suroeste do parque, e os miradoiros de Monte Furado e Pena Folenche a uns 1,3 km a 2,4 km ao sur da LAT, o miradoiro de Anagaza a 7,7 km ao sur da LAT.

As instalacións do parque están distribuídas en dous cordais; a subestación sobre os cordal da serra do Cereixido ao oeste, e ao leste os aeroxeradores nas proximidades de Cabeza Porriñas. Trátase dunha paisaxe de media montaña conformada por cumios baixos de relevo redondeado, con coberturas de mato, pasteiros de montaña e afloramentos rochosos nas inmediacións do río Sil, cuxa cunca hidrográfica verase afectada pola LAT que tamén atravesará a serra das Cabanas. As principais vías de comunicación da zona son a estrada nacional N-120 e a estrada autonómica OU-933 polo sur e a LU-993 polo oeste, e a liña eléctrica atravesará a as estradas LU-933 e a N-120. Os asentamentos poboacionais da contorna son numerosos e de pequeno tamaño, quedando os núcleos principais máis próximos, A Rúa e Petín, a uns 2,5 e 4,3 km ao sur do parque e a 4,7 e 5,8 km ao sueste da LAT. Tamén cabe destacar os núcleos de Vilamartín de Valdeorras e o Barco de Valdeorras a 4,5 km e 9,8 km.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual da paisaxe analizando os seus valores e determinando o grao de fragilidade paisaxística do ámbito. Leva a cabo un estudo da visibilidade de cada aeroxerador nun radio de 15 km e dende algúns dos elementos de valor, ao tempo que achega infografías dende puntos singulares. Remite ao EsIA as características principais do proxecto e fai unha estimación dos impactos previstos sobre os elementos da paisaxe. Xustifica como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe. Establecendo por último, medidas de integración, tanto preventivas como correctoras.

Segundo a análise de visibilidade levada a cabo no EIIP, a infraestrutura será visible dende o 23,98 % da superficie da envolvente de 15 km. A LAT será visible dende o 48,91 % da superficie da envolvente de 3 km. As infraestruturas serán visibles dende un gran número de AEIP e miradoiros, así como dende numerosos núcleos de poboación. O proxecto provocará,





polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aerogeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Ademais, a liña eléctrica de alta tensión producirá unha intrusión visual nas panorámicas derivadas do porte dos apoios e as franxas libres de vexetación que esixe o seu trazado. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación ou en funcionamento nas proximidades.

Prodúcese outros impactos, como os que afectan á vexetación existente debido á liña de alta tensión.

En canto ás medidas preventivas e correctoras previstas no EIIP, poden considerarse, en xeral, axeitas, se ben as referencias á eliminación de aerogeradores na serra de O Cereixido na fase de deseño para minimizar o impacto paisaxístico, carece de efecto posto que nesa mesma zona se está a tramitar outro parque eólico.

6. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este considérase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aerogeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias, así como polas franxas libres de vexetación e os apoios da liña eléctrica; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aerogeradores e a LAT, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutras infraestruturas na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar as AEIP situadas ao carón da LAT e os miradoiros e núcleos máis próximos aos aerogeradores. Esta incidencia visual aínda que non supón un impacto crítico, non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais. A ese respecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aerogeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aerogeradores, directriz de paisaxe DX.20.c.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

